


REGISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 07/02/2019 12:39:58

SAIDA 1945/19



Reclamante: [redacted] actuando en representación da [redacted]

Expediente. Nº **RSCTG 0142/2018**

Correo electrónico: [redacted]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación presentada por [redacted] actuando en representación da [redacted] mediante escrito do 5 de decembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único. [redacted], actuando en representación da [redacted] [redacted] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 5 de decembro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a falta de contestación á súa denuncia presentada ante a Consellería de Medio Rural sobre os danos ocasionados no monte propiedade da Comunidade de Montes de Santa María de Xeve, como consecuencia da presenza continua de gando no mesmo, na que solicita que se realice inspección sobre o terreo dos danos ocasionados, se identifique xunto aos seus propietarios, aos animais que pastan libremente no monte propiedade da comunidade, e se lle facilite dita información, así como que se incoe o/os oportuno/s expediente/s sancionador/es é, e tras a oportuna tramitación do mesmo/s se ordene a reparación e indemnización dos danos ocasionados ao responsable/ s dos mesmos.

Ase mesmo, solicita que se lle recoñeza a Comunidade a condición de interesada no expediente e se lle facilite copia de todo o actuado.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Análise do expediente

No presente caso, o obxecto da reclamación non é a desconformidade ou a falta de contestación a unha solicitude de acceso á información pública, senón unha reclamación contra a falta de contestación da Consellería de Medio Rural a unha denuncia por danos en montes propiedade da Comunidad de Montes de Santa María de Xeve.

Non existe por tanto unha solicitude de acceso á información pública non atendida fronte ao que a interesada reclame, senón unha denuncia presentada pola interesada que a Administración non contestou, polo que, de conformidade co disposto no artigo 116.c da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a inadmisión da reclamación presentada, por non tratarse dun acto susceptible de recurso en materia de acceso á información pública e non ser por tanto competente esta Comisión para intervir.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] actuando en representación da [REDACTED] contra a falta de

contestación por parte da Consellería de Medio Rural á súa denuncia por danos no monte propiedade da Comunidade.

Contra esta resolución que poñen fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia



Comisión da
transparencia
de Galicia

Milagros Otero Parga